

DESPOBOAMENTO E AVELLENTAMENTO: GALICIA CARA AO ANO 2020

JULIO HERNÁNDEZ BORGE
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 11 de maio de 2011

Aceptado: 14 de xullo de 2011

Resumo: O avellentamento demográfico é un dos principais retos ao que teñen que facerlle fronte os gobiernos dos países desenvolvidos polas súas numerosas implicacións económicas e sociais. Galicia, como España e Europa, presenta nos nosos días un réxime demográfico evolucionado que trouxo consigo un avellentamento da estrutura por idades da súa poboación, á vez que contribuíu ao despoboamento da meirande parte do seu territorio ao estar ligado a un forte exodo rural. É esta unha situación que continuará agravándose nos vindeiros anos, de xeito que as proxeccións demográficas para o ano 2020 anuncian unha diminución do número de habitantes desta Comunidade e un freo no crecemento de España e de Europa.

Palabras clave: Avellentamento / Despoboamento / Transición demográfica / Galicia / España / Europa.

DEPOPULATION AND AGING: GALICIA TOWARD THE YEAR 2020

Abstract: The demographic aging is one of the major challenges which there have to face the governments of the developed countries by its numerous economic and social implications. Galicia, as Spain and Europe, presents nowadays a demographic evolved regime that has brought with it an aging of the population structure at the time that it has helped to depopulate most of its territory, on having been tied to an intense rural exodus. This one is a situation that will continue worsening in the next years, so that the demographic projections for 2020 announce a decrease of the number of inhabitants of this region and a slowdown in the growth of Spain and Europe.

Keywords: Aging / Depopulation / Demographic transition / Galicia / Spain / Europe.

1. INTRODUCIÓN

Sinalaba o demógrafo francés Sauvy hai medio século que o avellentamento demográfico sería un dos principais retos ao que terían que facerlle fronte as sociedades do século XXI, pois, na súa opinión, constituía o fenómeno contemporáneo menos discutible, o mellor medido, o máis seguro na súa evolución, o máis doado de prever e, se cadra, o de consecuencias más graves (Sauvy, 1966, p. 49). Non se equivocou nesta previsión, feita nun intre no que moitos países europeos e doutros continentes acababan de pasar por unha etapa de recuperación da natalidade –a denominada *baby-boom*– que parecía contradicir o esquema da última fase da transición demográfica.

Neste século XXI que estamos a comezar, polo que respecta ao mundo desenvolvido economicamente e en particular ao continente europeo e a Xapón, o avellentamento da estrutura por idades da poboación é unha das cuestións que máis

lles preocupa aos investigadores en ciencias sociais¹ e, polas súas numerosas implicacións económicas, tamén aos gobernos dos distintos países que deben fazer fronte a novos gastos relacionados co pagamento das pensións de xubilación, coa atención aos dependentes, co desenvolvemento de servizos sanitarios específicos, etc. no presente, pero sobre todo de cara ao futuro, pois todas as proxeccións demográficas anuncian unha aceleración deste proceso a causa do crecemento do número de persoas maiores e do descenso dos efectivos de novos (Eurostat, 2010); e convén ter en conta que no momento presente están empezando a chegar á vellez as xeracións do *baby-boom*, moito más numerosas que as precedentes e máis lonxevas. Por iso cómpre que unha situación tan positiva como é que as persoas vivan máis anos e en mellores condicións teña unha resposta construtiva por parte dos países europeos, especialmente naquelas rexións que, como a galega, presentan unha poboación formada por unha alta proporción de individuos de idades avanzadas.

Tanto España como Galicia participan deste réxime demográfico característico do noso continente –o máis avellentado demograficamente de todos–, de modo que as proxeccións sobre a evolución futura da poboación apuntan cara a un agravamento da situación actual. Un dos últimos informes publicados polo INE, titulado *Proyecciones de población a corto plazo* (referidas ao ano 2020), establece que ao longo do segundo decenio do século XXI Galicia perderá un 1,62% dos seus habitantes², o que situará a esta Comunidade Autónoma entre as cinco nas que se prevé un descenso demográfico, superando a Castela e León (-1,88%), ao País Vasco (-1,99%) e a Asturias (-3,23%), e quedando por detrás da Ríoxa (-1,26%). A poboación española no seu conxunto, aínda que seguirá incrementando o seu número de habitantes, rexistrará unha redución do seu crecemento –só aumentará un 2,71%, cifra que contrasta co 16,10% de incremento que tivo lugar no período 2000-2010– debido á agardada diminución na chegada de inmigrantes estranxeiros e á intensificación do avellentamento da estrutura por idades da poboación, que inflúen no descenso das cifras de nacementos e tamén no crecemento vexetativo –de signo negativo en moitas comunidades autónomas, como é o caso de Galicia–.

2. AVELLMENTAMENTO E TRANSICIÓN DEMOGRÁFICA

É sobradamente coñecido que o avellentamento da estrutura por idades das poboacións é unha consecuencia directa da transición demográfica e dos cambios

¹ En España as investigacións sobre o avellentamento demográfico começaron a realizarse dun xeito sistemático a partir dos anos oitenta do século XX. Unha mostra do interese espertado por esta cuestión son os relatorios e comunicacións presentados sobre este tema nos congresos nacionais de demografía histórica, de xeografía da poboación, de socioloxía ou de antropoloxía. Nalgún deles –como o caso do *XI Congreso de la Población Española*, que tivo lugar en León en setembro de 2008– constituió o tema xeral deste *Envejecimiento, despoblación y territorio*– e outros dedicáronse relatorios específicos.

² As proxeccións do INE referidas ao período 2010-2020 foron publicadas o 7 de outubro de 2010, dous meses antes de que se fixesen públicas as cifras oficiais do Padrón de 1 de xaneiro de 2010. A poboación estimada para esta última data foi inferior á real. Se aplicásemos esta para calcular a variación demográfica no período 2010-2020 daríanos unha perda do 3,7% para Galicia e un crecemento do 0,5% para España.

acontecidos ao longo desa transición na fecundidade e na duración media da vida.

A redución da natalidade afectou directamente ao denominado avellentamento “pola base” da pirámide de idades, pois contribuíu a facer diminuír en cifras absolutas os efectivos de nenos e mozos e, por conseguinte, a porcentaxe que representan con respecto á poboación total en beneficio dos outros grupos de idades. En cambio, o aumento da lonxevidade afecta “á parte alta” da pirámide de idades, ao incrementar directamente os efectivos das persoas maiores e tamén a proporción que representan, máxime se temos en conta que o aumento da duración media da vida se veu a sumar ao descenso da fecundidade, que foi cronoloxicamente máis temperán. En numerosas poboacións, como é o caso da galega, a estes dous factores hai que engadirlles un terceiro: unha intensa emigración, xa que polo seu carácter selectivo a maior parte dos emigrantes pertencen a unha idade adulta-nova, o que fai descender automaticamente a proporción dos efectivos deste grupo de idades –e aumentar a dos vellos, ainda que non creza o seu número–, ademais de contribuir indirectamente á redución da natalidade.

O avellentamento demográfico maniféstase ante todo por un aumento do número e da proporción que representan as persoas maiores, cuxo límite adoita fixarse nos 65 anos para a elaboración de diversos indicadores.

Utilizando, precisamente, un índice tan sinxelo como a porcentaxe que representan as persoas de 65 anos en diante sobre o total da poboación, Eggerickx e Tabutin (2001, p. 18) definiron a duración do proceso de avellentamento dun país “*como o tempo requerido para pasar do 5% ao 20%*”. Partindo deste sinxelo indicador, e tomndo os datos históricos para o mundo occidental e as previsións das Nacións Unidas para os países en vías de desenvolvemento, consideraron o número de anos necesarios para pasar do 5% ao 10%, do 10% ao 15% e do 15% ao 20% para diferentes continentes e países, indicando a data de comezo (o 5%) e a de remate (o 20%). Algúns destes datos –os referidos a Europa e a algúns países deste continente– recóllense na táboa 1, completándose coas informacóns relativas a España e a Galicia.

Na táboa 1 atopamos unha certa diversidade de situacóns referidas ás poboacións alí representadas do continente europeo –o primeiro en entrar neste proceso de avellentamento–. En xeral pódese sinalar que, canto máis tarde se inicia a data na que os vellos alcanzan o 5%, en menor tempo se chegará á súa finalización –de aí os 180 anos estimados para Francia, país pioneiro no desenvolvemento deste proceso, pero cunha transición demográfica un tanto particular que o dilatou no tempo, contrastando cos 127 anos de Alemaña ou cos 136 de España–. Polo que se refire a Galicia, podemos falar dunha relativa rapidez, pois comezou o seu proceso moi máis tardivamente que Francia ou que Suecia, ainda que antes que España ou que Alemaña, e xa o finalizou no ano 2000, cunha duración total de 124 anos, mentres que o conxunto do continente europeo non o fará, segundo os cálculos de Eggerickx e Tabutin, ata o ano 2022, transcorrendo neste caso 162 anos.

Táboa 1.- Duracións estimadas para o paso das proporcións das persoas de 65 anos e máis do 5% ao 20%³

	ANO DO 5%	ANO DO 10%	ANO DO 15%	ANO DO 20%	DURACIÓN TOTAL DO PROCESO
Europa	1860	1968	2001	2022	162 anos
Francia	1840	1940	1995	2020	180 anos
Alemaña	1885	1952	1977	2012	127 anos
Suecia	1855	1946	1974	2011	156 anos
Italia	1868	1965	1989	2007	139 anos
España	1887	1973	1995	2023	136 anos
Galicia	1876	1965	1987	2000	124 anos

FONTES: Eggerickx e Tabutin (2001, p. 19). Para España e para Galicia elaboración propia a partir dos censos de poboación, das renovacións padronais e das proxeccións de poboación do INE para o período 2002-2060.

3. FACTORES DEMOGRÁFICOS DO PROCESO DE AVELLMENTAMENTO

A transición demográfica causante do proceso de avellentamento tivo en Galicia unha cronoloxía un tanto particular ao non axustarse ao modelo europeo –máis ben habería que dicir ao da Europa noroccidental, porque foi nesta parte do continente onde primeiro empezou a realizarse o paso dun réxime demográfico antigo ou tradicional a outro evolucionado– nin tampouco ao modelo español; porén, presenta unha maior proximidade con este último tanto na redución da mortalidade ordinaria, que se iniciou coincidindo co cambio do século XIX ao XX –no descenso da mortalidade catastrófica, pola contra, houbo un adianto en Galicia–, como na diminución da fecundidade, patente desde o segundo/terceiro decenio do século pasado e xa dun modo más evidente a partir da Guerra Civil. Pero na poboación galega fixéronse efectivos antes que na española os síntomas do avellentamento demográfico, notorios sobre todo a partir das décadas centrais do século XX –o que neste aspecto aproxima a esta Comunidade Autónoma ao modelo “europeo”–, coincidindo cunha etapa de estancamiento no crecemento demográfico debido tanto á emigración dos anos cincuenta e sesenta –nestas décadas as saídas de poboación fóra de Galicia coñeceron unha reactivación– como ás consecuencias de éxodos pasados, que foron moi intensos entre os anos 1880 e 1930. O cambio de rumbo na evolución demográfica galega a partir do ano 1950 –estancamiento e regresión, fronte ao aumento poboacional da primeira metade do século XX– contrasta coa evolución da poboación española, que coñeceu entre os censos dos anos 1950 e 1970 unha das etapas de maior crecemento demográfico da súa historia contemporánea.

Galicia pasou polas dúas grandes fases da revolución demográfica contemporánea:

³ Segundo os datos de Eurostat, tanto Alemaña como Italia acadarían o 20% no ano 2008, durando o proceso, polo tanto, 123 e 140 anos, respectivamente. (http://epp.eurostat.ec.europa.eu/portal/page/portal/population/data/main_tables).

- 1) O descenso da mortalidade mentres que a natalidade permaneceu elevada durante certo tempo, o que fixo crecer o número de habitantes, aínda que nesta Comunidade Autónoma non se pode falar de “explosión demográfica”, como noutras rexións europeas, debido á emigración.
- 2) E posteriormente, a diminución da natalidade ata uns niveis que aproximan estes dous elementos do movemento natural, o que se reflicte nun debilitamento do crecemento vexetativo, que desde mediados dos anos oitenta do século XX é de signo negativo⁴.

Na táboa 2 podemos ver a evolución cronolóxica dalgúns índices representativos destes cambios. Con respecto ao elemento “positivo” do movemento natural –a natalidade/fecundidade–, pódese observar a clara tendencia descendente, sobre todo desde mediados do século pasado –con taxas de natalidade inferiores ao 20% desde os anos cincuenta e con valores extraordinariamente baixos desde o noveno decenio do século no que xa non se asegura a substitución de xeracións, pois o índice sintético de fecundidade é inferior a 2,1, mentres que na actualidade está próximo á metade deste valor–. Na evolución do elemento “negativo” –a mortalidade– tamén se poden observar estes cambios, aínda que non na taxa bruta na que, debido ao avellentamento demográfico, se aprecia unha inversión da tendencia descendente desde os anos oitenta do século XX. A evolución das taxas de mortalidade infantil –un grupo de idade moi sensible ás condicións de vida da poboación e ao desenvolvemento médico-sanitario e hixiénico– ou da esperanza de vida ao nacer mostra claramente os progresos conseguidos. Ademais, tamén é un reflexo de que Galicia finalizou a transición demográfica a partir dos anos sesenta/setenta do século XX o feito de que presentase unha incidencia cada vez menor das enfermidades infecto-contaxiosas –como resultado dos efectos das vacinacións infantiás xeneralizadas e das campañas de prevención–, mentres que as causas dexenerativas –relacionadas co sensible aumento da duración media da vida e coa seguinte deterioración corporal– ocupan os principais lugares entre as causas de mortalidade, sumándose a elas diversas sociopatías como, entre outras, o tabaquismo, o alcoholismo, os suicidios ou os accidentes de tráfico. Estes cambios nas causas de defunción, denominados “transición epidemiolóxica” (Omran, 1971) ou “transición sanitaria” (Picheral, 1996), son un bo indicador do grao de desenvolvemento.

Desde os anos oitenta do século XX Galicia entrou no estadio que caracteriza as sociedades más avanzadas demograficamente: unha longa duración media da vida e unha feble mortalidade infantil, pero tamén unhas baixas taxas de natalidade e fecundidade e do crecemento natural. Estes trazos, xunto con outros de carácter social, desembocaron nunha modificación da concepción da familia, feito no que tamén influíu decisivamente a incorporación xeneralizada das mulleres ao mundo do

⁴ Son relativamente numerosas as investigacións realizadas en Galicia sobre este tema desde mediados dos anos noventa do século XX. Na bibliografía final recóllese unha mostra representativa de todas elas.

traballo fóra da casa, o que, á súa vez, repercute no descenso da fecundidade. Este é o estadio denominado “segunda transición demográfica” (Lesthaeghe, 1995; Van de Kaa, 1987, 1994).

Táboa 2.- Indicadores do proceso de transición demográfica en Galicia

ANOS	TAXA DE NATALIDADE (% ₀₀)	ÍNDICE SINTÉTICO DE FECUNDIDADE	TAXA DE MORTALIDADE (% ₀₀)	TAXA DE MORTALIDADE INFANTIL (% ₀₀)	ESPERANZA DE VIDA AO NACER (anos)	TAXA DE CRECIMIENTO NATURAL (% ₀₀)
1880*	29,30	3,62	26,41			2,89
1900	32,94	4,44	25,32	162,2	40,9	7,62
1920	28,23	3,46	21,47	135,0	45,4	6,76
1935	27,62	3,47	15,91	95,4	52,4**	11,71
1950	20,32	2,42	11,29	63,7		9,03
1980	13,96	2,06	8,80	14,0	75,2	5,16
2000	7,22	0,96	10,72	4,1	79,3	-3,50
2009	8,23	1,10	11,03	2,7	81,3	-2,80

*Os datos de natalidade e de mortalidade do ano 1880 están menosprezados, porque a creación do Rexistro Civil en España era moi recente (no ano 1871) e porque moitos dos “acontecementos vitais”, que eran consignados nos rexistros parroquiais, quedaban sen anotar nos rexistros civís municipais, fonte básica a partir da cal se elaboran as estatísticas de movemento natural de poboación.
**Este dato corresponde ao ano 1930.

FONTES: INE e elaboración propia, agás para a esperanza de vida ao nacer do período 1900-1930 (Dopico e Reher, 1999).

Todos os países europeos chegaron á etapa final da transición demográfica logo de rexistrar un descenso da mortalidade e da natalidade, polo que nos nosos días presentan un feble crecemento vexetativo, que nalgúns casos é de signo negativo, aínda que hai Estados que seguen tendo un aumento importante no número de habitantes debido á chegada de inmigrantes estranxeiros. Os indicadores demográficos correspondentes á Unión Europea e a España a finais da primeira década do século XXI (táboa 3) son unha boa mostra desta situación, á vez que serven para enmarcar os valores rexistrados en Galicia, que son un claro reflexo da súa menor vitalidade demográfica. Con respecto á Unión Europea, convén sinalar que as dúas últimas ampliacións –con incorporación de países do leste do continente– fixeron empeorar algúns indicadores.

Táboa 3.- Indicadores demográficos da Unión Europea e de España (2008)

	UNIÓN EUROPEA	ESPAÑA
Taxa de natalidade (% ₀₀)	10,9	11,4
Índice sintético de fecundidade	1,6	1,46
Taxa de mortalidade (% ₀₀)	8,7	8,6
Taxa de mortalidade infantil (% ₀₀)	4,3	3,3
Esperanza de vida ao nacer (anos)	76,37	78,21
Taxa de crecimiento natural (% ₀₀)	1,2	2,8


FONTE: http://epp.eurostat.ec.europa.eu/portal/page/portal/population/data/main_tables.

4. PANORÁMICA DO AVELLENTAMENTO DEMOGRÁFICO GALEGO

Como xa sinalamos, aplicando o indicador proposto por Eggerickx e Tabutin, o proceso de avellentamento da poboación galega –aínda que, se cadra, habería que falar das etapas iniciais da transición demográfica– comezou a mediados dos anos setenta do século XIX, pois foi daquela cando os efectivos das persoas de 65 anos en diante acadaron o 5% da poboación total. Pero, na práctica, cando se pode falar xa con máis propiedade do avellentamento da estrutura por idades da poboación é a partir do ano 1965, data na que este grupo de idades chega a representar o 10% do total de habitantes, feito que está en relación con que a esperanza de vida ao nacer se sitúe por riba dos 65 anos, provocando o denominado avellentamento “pola parte alta” da pirámide de idades do que falabamos con anterioridade. O aumento da lonxevidade acelerou o proceso nas décadas más recentes, de modo que, se para que a proporción das persoas de 65 anos en diante pasase do 5% ao 10% se necesitaron 89 anos, para chegar ata o 15% só foron precisos 22 anos e para alcanzar o 20% necesitáronse únicamente 13 anos.

As persoas de 65 anos e máis representan no ano 2010 o 22,15% do total da poboación galega, case 620.000 persoas sobre un total de 2.797.653 habitantes. Se realizamos unha panorámica histórica da súa evolución (gráfica 1) veremos que se multiplicou case por 5 (4,97) desde o ano 1900, mentres que a poboación galega no seu conxunto só o fixo por 1,4. As diferenzas acentúáronse nos últimos trinta anos: desde o ano 1981 os efectivos dos vellos multiplicáronse por 1,64, mentres que no total de habitantes houbo un crecemento cero.

Gráfica 1.- Evolución dos grandes grupos de idade en Galicia (1900-2010)



O colectivo da poboación da terceira idade é o grupo que máis creceu nos últimos anos e agárdase que continúe sendo así no curso das próximas décadas. Pero dentro del estanse a producir tamén algunas modificacións internas que convén sinalar. En primeiro lugar hai que falar dun avellentamento dos vellos, feito relacionado co aumento da lonxevidade, pois as persoas de 80 anos en diante están a


incrementar bastante aceleradamente a súa proporción dentro da poboación total e do propio grupo de vellos, o que ten numerosas implicacións sociais e económicas ao ser o colectivo que, pola súa idade cada vez máis alta, ten máis problemas de saúde e en moitos casos de dependencia e, polo tanto, precisa de máis atencións e ocasiona maiores gastos.

En segundo lugar hai que sinalar que o avellentamento non afecta por igual aos dous sexos, posto que no ano 2010 as mulleres representan o 58,34% da poboación de 65 anos e máis, fronte ao 41,66% dos homes. E este desequilibrio a favor do sexo feminino acentúase a medida que avanzamos en idade, pola maior duración media da vida que teñen as mulleres, de modo que entre as persoas de 80 anos en diante aquelas case duplican os varóns –123.872 fronte a 66.045–. É apropiado, pois, falar dunha feminización da vellez en Galicia (Hernández Borge, 2008). Ademais, as características sociodemográficas deste colectivo de mulleres maiores son moi diferentes ás dos seus homólogos homes, como tamén o é a súa distribución espacial, contrastando especialmente as áreas máis urbanizadas cos espazos de maior carácter rural.

As pirámides de idades son a gráfica máis expresiva para representar a composición por idades e sexos dunha poboación, sobre todo se están feitas ano por ano. É o caso da pirámide de idades de Galicia na última data dispoñible –o 1 de xaneiro de 2010–. A súa forma, aínda que aparece algo distorsionada polo feito de que as persoas de 85 anos en diante figuran englobadas todas xuntas, mostra claramente un perfil de ánfora ou de urna (gráfica 2), propio das poboacións avellentadas demograficamente. A súa base é regresiva, correspondendo os brazos máis longos ás xeracións nadas no oitavo decenio do século XX –persoas con idades comprendidas entre os 30 e os 40 anos–. Desde aquela a redución do número de nacementos foi a tónica dominante en Galicia, cunha lixeirísima recuperación para os nados no período 2004-2008, en boa medida pola “inxeción” de nacementos de nais inmigrantes estranxeiras, feito que se estima que non continuará nos anos vindeiros, como se pode apreciar xa nos menores de un ano –nados ao longo do ano 2009–. A falta de adultos maduros –entre os 45 e os 65 anos– está en relación coa emigración dos anos sesenta e setenta do século XX. Tamén se pode apreciar a entalladura correspondente aos nados durante os anos da Guerra Civil –persoas con idades comprendidas entre os 67 e os 70 anos– e o predominio das mulleres entre as xeracións más maiores.

Esta pirámide ten algunas similitudes coa da poboación europea que, como sinalan Calot e Chesnais (1997, pp. 1-6), presenta a superposición de dous bloques: un de tipo triangular para as xeracións nadas antes do retroceso da natalidade e outro de tipo trapezoidal para as que viñeron ao mundo despois e cuxo efectivo tende a estreitarse cada ano; por iso, estes autores consideran que hai poucas probabilidades de que cambien estas tendencias no futuro –tería que haber unha alza espectacular da fecundidade–, á vez que sinalan diversos factores que agravarán a situación actual do noso continente como a vulnerabilidade económica, os cambios nas estruturas familiares ou a desconexión das esferas produtiva e financeira.

Gráfica 2.- Pirámide de idades da poboación galega (en %) (2010)



Os índices de avellentamento da poboación galega son máis elevados que os españois e que os da Unión Europea (táboa 4). Se as tres poboacións entraron no estadio de pleno avellentamento, só en Galicia as persoas de 65 anos en diante representan máis da quinta parte da poboación total –algo que, por países, acontece en Alemaña e en Italia– e os de 80 anos en diante a vixésima parte –como Francia, Italia e Suecia–.

Táboa 4.- Indicadores do avellentamento demográfico na Unión Europea, en España e en Galicia (2009)

	% ≥65 ANOS	% ≥80 ANOS
Unión Europea	17,2	4,5
España	16,6	4,7
Galicia	21,9	6,6

FONTES: Eurostat, INE e elaboración propia.


5. CONTRASTES TERRITORIAIS NO AVELLENTAMENTO DEMOGRÁFICO

O avellentamento da poboación maniféstase na actualidade en todo o territorio galego, pero non coa mesma magnitude. Chegou antes cronoloxicamente ao medio rural e é nel onde acada máis intensidade nos nosos días. As cidades foron as receptoras dunha parte da poboación que emigrou do campo galego no curso do úl-

timo século, converténdose nos principais focos rexionais de crecemento demográfico, o que redundou nunha estrutura por idades máis nova. Pero na actualidade non son as principais urbes galegas senón as áreas periurbanas as que rexistran unhas porcentaxes más altas de novos e unha menor proporción de vellos, debido en boa medida aos movementos centrífugos de poboación que se dan desde as cidades cara ás súas periferias.

Na Galicia do ano 2010 só un concello –Ames: 9,93%, limítrofe polo oeste con Santiago de Compostela– tiña unha porcentaxe de vellos – persoas de 65 anos en diante– inferior ao 10%, cifra que se adoita considerar como “frontera” entre as poboacións novas e as que inician un camiño cara ao avellentamento, e só dez municipios tiñan valores comprendidos entre o 10% e o 14,9% (mapa 1). En todos hai un predomínio dos localizados nas áreas periurbanas das tres cidades máis dinámicas de Galicia situadas no denominado “eixe atlántico”, sucado pola autoestrada que enlaza o golfo Ártabro con Vigo e coa fronteira portuguesa, que é a principal zona de crecemento económico e demográfico: termos municipais do Porriño, Gondomar e Salceda de Caselas na área metropolitana de Vigo; Orosa e Teo que limitan con Santiago de Compostela; e Arteixo, Cambre e Culleredo na área periurbana da Coruña. No eixe atlántico tamén está Pontecesures e fóra del, na Mariña luguesa, está o Concello de Burela, de recente creación e un dos de menor superficie de Galicia.

Mapa 1.- Porcentaxe que representan as persoas de 65 anos e máis sobre o total de habitantes de cada concello galego (2010)



O resto do territorio galego merece o cualificativo de avellentado. De todos os xeitos, áinda podemos facer un apartado para os 35 termos municipais nos que os vellos non acadan o 20% do total de habitantes –lembremos que este é o valor que Eggerickx e Tabutin establecen como reflexo da finalización do proceso de avellentamento-. A case totalidade destes concellos atópanse enclavados nas provincias occidentais –as más dinámicas de Galicia–, localizándose preferentemente polas Rías Baixas e, secundariamente, polo golfo Ártabro. Estas son as zonas más urbanizadas desta Comunidade Autónoma, as que acollen as actividades económicas más produtivas e as que, por iso, recibiron tradicionalmente inmigrantes procedentes do interior da rexión ou doutras partes de España e onde se asentaron maioritariamente os inmigrantes estranxeiros chegados na última década. Os municipios deste grupo que se atopan fóra destas áreas están asociados a unha cidade –Santiago de Compostela, Lugo, Barbadás: na periferia de Ourense– ou a unha vila de certo dinamismo económico –As Pontes de García Rodríguez, O Barco de Valdeorras, Cervo, límitrofe con Burela–.

Son 269 –o 85% dos galegos– os concellos que acadan unha proporción de vellos superior ao 20% e 162 –algo máis da metade– os que superan o 30%. É nas áreas más ruralizadas onde se rexistran os valores más elevados, abrangendo a case totalidade dos territorios lucense e ourensán e o interior das provincias da Coruña e de Pontevedra. En cinco concellos da provincia de Ourense –O Bolo, Lobreira, San Xoán de Río, Calvos de Randín e A Teixeira– as persoas de 65 anos en diante constitúen más da metade da poboación total.

Cómpre destacar o incremento experimentado nas últimas décadas do número de municipios nos que os vellos representan máis da quinta parte da poboación total (táboa 5), pois en só trinta anos se pasou de 67 no ano 1981 a 269 no ano 2010. Por outra parte, a poboación que reside neles superaba o millón e medio de habitantes na renovación padronal máis recente, mentres que no ano 1981 apenas superaba as 200.000 persoas, é dicir, multiplicouse por máis de sete. Pero se cadra, sexa máis expresivo resaltar, como exemplo da intensificación do proceso de avellentamento, o feito de que o grupo de concellos cunha proporción de vellos igual ou superior ao 30% era inexistente no ano 1981, en tanto que constituían más da metade no ano 2010.

Táboa 5.- Número de concellos galegos más avellentados (% de vellos)

	≥20%		≥30%	
	Número	%	Número	%
1981	67	21,47	0	0,00
1991	174	55,59	33	10,54
2001	253	80,31	150	47,62
2010	269	85,40	162	51,63

FONTE: INE e elaboración propia.

6. EMIGRACIÓN, AVELLMENTAMENTO E DESPOBOAMENTO

Como xa sinalamos, a emigración desempeñou un papel decisivo no desenvolvemento da transición demográfica galega, acurtando o seu tempo de realización e contribuíndo directa e indirectamente ao proceso de avellentamento da poboación. Aínda que as estatísticas sobre os desprazamentos espaciais da poboación non teñan o mesmo grao de fiabilidade que os censos e os padróns municipais de habitantes ou que os datos do movemento natural –extraídos do Rexistro Civil–, e malia que para moitas datas, sobre todo do pasado, nin sequera existe información do número de emigrantes, hai procedementos indirectos que permiten establecer unha cuantificación bastante fiable do saldo migratorio tido pola Comunidade Autónoma galega.

Non é esaxerado afirmar que nos cen anos que median entre 1880 e 1980 Galicia perdeu, a consecuencia da emigración exterior, preto de un millón de persoas, sendo moi importantes as saídas no medio século comprendido entre os anos 1880 e 1930 –a uns 400.000 individuos ascendeu o saldo migratorio negativo– e no terceiro cuarto do século XX –máis de 450.000 foron as persoas que perdeu Galicia no período 1951-1975–. E esta emigración neta afectou especialmente ás áreas rurais, que se viron privadas sobre todo de persoas de idade adulta nova, co que automaticamente creceu a proporción dos maiores e, como consecuencia destas saídas, se acentuou a tendencia descendente da natalidade.

A maior incidencia da emigración sobre a estrutura por idades da poboación fixose sentir sobre todo a partir de mediados do século XX. Ata esta data pode falar-se para o conxunto de Galicia e para a maior parte dos seus concellos dunha tendencia de crecemento da súa poboación absoluta, aínda que moito menor do que lle correspondería a teor do seu crecemento vexetativo. Foron relativamente poucos os concellos que no período 1900-1950 rexistraron unha diminución no número de habitantes –a cuarta parte do total–, pertencendo case exclusivamente ás provincias de Lugo e de Ourense –xeralmente ás áreas máis montañosas e desfavorables desde o punto de vista das condicións naturais–. Ademais, cómpre sinalar que unha gran parte do territorio galego tivo incrementos demográficos bastante fortes.

A segunda metade do século XX, pola contra, caracterizouse polo despoboamento da maior parte do territorio cunha situación inversa –agora os concellos progresivos representaron só unha quinta parte do total–, perdendo habitantes a case totalidade dos termos municipais das provincias orientais e bastantes os da Coruña e Pontevedra. A reactivación da emigración a partir do período 1948-1950, primeiro dirixida a América e despois aos países do noso continente ou a outras provincias españolas, rexistrouse nuns momentos en que a vitalidade demográfica de Galicia xa comezaba a ser feble, feito manifestado en que o seu crecemento vexetativo era cada vez máis baixo, polo que non pudo compensar, como acontecera entre os anos 1880 e 1930, as masivas saídas de poboación. E isto sucedeu na maior parte dos concellos.

Foi nos anos cincuenta do século XX, e sobre todo nos anos sesenta, cando entrou en crise a sociedade agraria tradicional galega, que coñeceu un proceso de modernización cunha integración cada vez maior no mercado español. Este proceso trouxo consigo unha diminución das necesidades de man de obra como consecuencia da introdución progresiva de maquinaria moderna e dos cambios nos sistemas de cultivo e de manexo do gando, que levaron a unha especialización das explotacións agrarias nunha ou nunhas poucas producións más rendibles –en moitas bisbarras houbo unha orientación cara á gandería para a producción de leite ou de carne–. A modernización do sector agrario foi posible en boa medida polas remesas enviadas polos emigrantes e, á súa vez, xerou excedentes de man de obra que tomaron o camiño do éxodo, pois os núcleos industriais ou urbanos existentes eran escasos e febles e só puideron acoller unha pequena parte.

Nestes anos hai que sinalar que tamén se empeza a acelerar en Galicia o proceso de urbanización, no que influíron algunas realizacións dos plans económicos estatais dos anos sesenta, como os polos de desenvolvemento de Vigo e da Coruña. Pero estas e outras actuacións posteriores –nunha boa parte ligadas a capitais e intereses foráneos– quedaron circunscritas ás áreas que daquela xa tiñan un maior dinamismo económico –como o caso dalgúnsas bisbarras costeiras cunha gran tradición na explotación dos recursos mariños, que agora tamén se intensifica, crecendo os sectores da pesca e da construcción naval–, co que se acrecentaron os desequilibrios espaciais que existían na rexión.

A situación demográfica da Galicia de principios do século XXI mostra unha continuación –cando non un agravamento nalgúns aspectos– dos trazos sinalados para as derradeiras décadas do século precedente. É certo que no período 2000-2010 a poboación absoluta tivo un crecemento de signo positivo (un 2,41%), que se veu a opoñer aos descensos dos anos oitenta e noventa do século XX: -1,31% do período intercensual 1991-2001 e -2,85% do correspondente a 1981-1991. Pero non podemos deixar de ter en conta que neses mesmos anos iniciais do presente século a Comunidade rexistrou un crecemento vexetativo de signo negativo que ascendeu a -83.493, o que é un claro signo da falta de vitalidade demográfica que padece, asociada moi directamente ao avellentamento da poboación. A poboación absoluta non só non diminuíu nun 3,06%, que é o que representa ese crecemento vexetativo negativo en relación coa poboación inicial, senón que se incrementou en 65.753 persoas debido á chegada de inmigrantes do exterior.

É sobradamente coñecido o feito de que España, desde a derradeira década do século pasado, se converteu nun país de inmigración, rexistrando nos primeiros anos do século XXI un incremento da poboación estranxeira a un ritmo descoñecido nas nacións do noso ámbito, que situaron o noso país entre os Estados da Unión Europea que presentan unha maior proporción de estranxeiros (táboa 6). Galicia tamén participou deste fluxo inmigratorio, aínda que dunha forma bastante modesta, ya que de 25.602 estranxeiros empadroados no ano 2000 pasouse a 109.670 no ano 2010, é dicir, multiplicouse o seu número por máis de catro, aínda que no con-

xunto nacional só representen o 1,91%. A estes inmigrantes estranxeiros cómpre engadir os emigrantes que retornaron, procedentes sobre todo de América Latina, áinda que foron más importantes nos anos noventa do século XX que na primeira década do actual (Rodríguez *et al.*, 2010).

Táboa 6.- Poboación estranxeira nos anos 2000 e 2009 (número e porcentaxe con respecto á poboación total)

	2000		2009	
	Número	%	Número	%
Unión Europea			31.779.900	6,00
España	923.879	2,28	5.648.671	12,08
Galicia	25.602	0,94	106.637	3,81


FONTE: Eurostat (estimación), INE e elaboración propia.

A nivel municipal o feito máis destacable desta primeira década do século XXI (2000-2010) é que a case totalidade do territorio galego rexistrrou un crecemento vexetativo de signo negativo, bastante elevado en moitos concellos, debido a que as súas taxas brutas de mortalidade son relativamente altas polo elevado avellentamento da súa estrutura por idades. Foron só 34 os termos municipais que nestes dez anos tiveron un maior número de nacementos ca de defuncións (mapa 2), sempre dentro de valores bastante modestos, pois só catro rexistraron unha taxa media superior ao 5%, estando situados en todos os casos na periferia de importantes centros urbanos: Cambre e Culleredo en torno á cidade da Coruña, e O Rosal e Ames –este último presenta o índice máis elevado: 8,91%– xunto a Santiago de Compostela. Por baixo do 5% hai trinta concellos, localizados todos eles menos tres –Burela, Barbadás e O Barco de Valdeorras– nas provincias occidentais, destacando especialmente pola súa concentración os situados nas tres Rías Baixas meridionais –área metropolitana de Vigo e periferia de Pontevedra–.


Todos estes termos municipais progresivos polo seu crecemento vexetativo positivo representados no mapa 2 mostran unha correspondencia bastante grande cos concellos que rexistraban unhas porcentaxes de avellentamento más baixas no mapa anterior (mapa 1).

No crecemento real rexistrado no mesmo período de tempo (2000-2010) houbo un maior número de concellos con valores positivos (mapa 3) debido aos efectos da inmigración estranxeira, ao retorno de emigrantes e aos desprazamentos de poboación dentro de Galicia. De todos os xeitos, estes termos municipais progresivos –90 en cifras absolutas– non representan máis ca o 28,57% dos galegos. Ademais, os que tiveron en realidade un aumento significativo –do 10% en diante– foron só 43, co cal podemos afirmar que para máis da metade dos concellos que viron crecer o número dos seus habitantes sería máis correcto falar de certo estancamiento demográfico.

Mapa 2.- Concellos con taxa de crecemento vexetativo positivo no período 2000-2010



Mapa 3.- Concellos con taxa de crecemento real positivo no período 2000-2010



É novamente no eixe atlántico onde se localiza a case totalidade dos municipios que tiveron un aumento de habitantes significativo, destacando o sector pentevedrés das Rías Baixas e as Mariñas coruñesas. Fóra destas bisbarras só creceron (e, salvo casos moi concretos, menos do 10%) concellos con algúns centro urbano de maior ou menor porte (os casos de Lugo, Ribadeo, Burela, O Barco de Valdeorras, Allariz ou O Carballiño) ou da bisbarra dunha cidade (periferia de Ourense).

Dentro das árees más urbanizadas de Galicia hai que destacar que continuou rexistrándose na primeira década do século XXI un fenómeno iniciado a mediados dos anos setenta da centuria precedente: o movemento centrífugo da poboación urbana cara ás árees residenciais de concellos periféricos, cada vez máis beneficiadas pola mellora das comunicacións e dos medios de transporte. Así se entende que non sexan os municipios que albergan as principais cidades galegas os que ven crecer máis o seu número de habitantes, senón as súas periferias. Nestas están enclavados os termos municipais cun incremento superior ao 30%: Ames e Oroso na área periurbana de Santiago de Compostela; Culleredo, Arteixo, Sada e Cambre na periferia da Coruña; Salceda de Caselas e Soutomaior na área metropolitana de Vigo; e Barbadás que limita con Ourense. Por estas mesmas árees están os concellos con porcentaxes de crecemento comprendidas entre o 20% e o 30%.

O despoboamento xeneralizado caracteriza a maior parte das bisbarras galegas, especialmente as interiores, aínda que algunhas zonas do litoral ou do seu *hinterland*, como a Costa da Morte e as rías de Cedeira, Ortigueira e O Barqueiro, tamén perden habitantes. En conxunto, 225 concellos galegos dun total de 315 (o 71,43%) perderon poboación, sendo significativo o número (35) dos que tiveron unha regresión superior ao 20% dos seus habitantes en só dez anos.

Na actualidade xa non son, como sucedía en épocas pasadas cando a emigración azoutaba intensamente Galicia, os concellos cunhas condicións naturais más desfavorables os que dan as maiores perdidas, nalgúns casos porque estes xa chegaron a ter unha poboación tan reducida e avellentada que apenas poden proporcionar efectivos a un éxodo rural, que segue existindo noutras bisbarras. De todos os xeitos, o crecemento vexetativo negativo xeneralizado –maior naquelas árees onde os mozos son más escasos– é responsable da maior parte das perdidas de poboación.

Os contrastes demográficos espaciais existentes en Galicia podemos velos resumidos na táboa 7. Nela pode apreciarse como os 90 concellos progresivos no último decenio, que só representan o 22,01% da extensión territorial da Comunidade Autónoma, acollen en cambio algo máis do 70% dos habitantes (o 66% no ano 2000). Pero é nas provincias de Lugo e de Ourense onde os desequilibrios territoriais son más marcados, xa que nunha pequena proporción da súa superficie se concentra a metade dos habitantes. No outro extremo está Pontevedra, provincia coa porcentaxe más alta no territorio que gaña poboación (o 50%), aínda que alí vive preto do 90% dos residentes.

Táboa 7.- Desequilibrios na distribución da poboación

	NÚMERO DE CONCELLOS PROGRESIVOS (2000-2010)	% SOBRE A SUPERFICIE TOTAL	% SOBRE A POBOACIÓN TOTAL NO ANO 2010
A Coruña	30	27,67	66,46
Lugo	8	9,94	46,29
Ourense	13	14,14	59,06
Pontevedra	39	50,42	87,92
Galicia	90	22,01	70,40

FONTE: INE e elaboración propia.

Con esta evolución non é de estrañar que cada vez sexan máis numerosas as entidades singulares de poboación que quedan sen habitantes. Segundo o *Nomenclátor de Galicia 2009*, do Instituto Galego de Estatística, había nesa data 1.338 entidades deshabitadas (táboa 8), sendo na provincia de Lugo onde eran máis numerosas, seguida pola provincia da Coruña. Ourense sitúase nun terceiro lugar, algo distanciada en cifras absolutas –non tanto en porcentaxe–, debido a que é a provincia galega cunha poboación menos diseminada, polo que conta cun número total de entidades moito máis baixo.

Táboa 8.- Entidades singulares de poboación por provincias (2009)

	TOTAL	DESHABITADAS	%
A Coruña	10.398	525	5,05
Lugo	9.771	573	5,86
Ourense	3.684	113	3,07
Pontevedra	6.245	127	2,03
Galicia	30.098	1.338	4,45

FONTE: IGE: *Nomenclátor de Galicia 2009* e elaboración propia.

7. A POBOACIÓN CARA AO ANO 2020

Comezabamos o presente artigo citando as proxeccións de poboación que o INE publicou recentemente para o ano 2020, nas que se augura para Galicia unha regresión no número de habitantes, o que significará recuperar a tendencia demográfica descendente das dúas últimas décadas do século pasado, logo da paréntese da primeira do século XXI na que o aumento da inmigración exterior permitiu un lixeiro crecemento demográfico, que no caso de España foi un dos máis altos da súa historia recente. Moderado será o crecemento previsto para o conxunto dos países da Unión Europea (un 2,9%), tamén afectado dun forte avellentamento da estrutura por idades da poboación (táboa 9). É precisamente no continente europeo e en Xapón, fronte a América do Norte e a Australia-Nova Zelandia, onde se prevé que sexan más graves as consecuencias futuras do avellentamento demográfico, unha situación que foi cualificada de bomba con temporizador e cuxo reloxo xa está a facer tic-tac (Kresl e Ietri, 2010, p. 1).

Táboa 9.- Proxeccións da poboación vella para o ano 2020

	% ≥ 65 ANOS	% ≥ 80 ANOS
Unión Europea	20,06	5,70
España	19,21	5,88
Galicia	24,54	8,29

FONTES: INE, Eurostat e elaboración propia.

Os indicadores que miden o avellentamento da estrutura por idades da poboación mostran que continuará o aumento do número e da proporción das persoas maiores, sobre todo das que teñen máis anos. Hai que destacar para o ano 2020 a proximidade das porcentaxes das persoas de 65 anos e máis e de 80 anos en adiante entre España e a media da Unión Europea; pola contra, as cifras prognosticadas para Galicia son moito más elevadas nestes dous grupos de idade.

O cambio de ritmo evolutivo da poboación galega iniciouse xa nos anos finais do primeiro decenio do século XXI e está moi relacionado no presente co comezo dun ciclo de recesión económica que afectou moi directamente á inmigración, freando o número de estranxeiros que chegan e aumentando o dos que regresan ao seu país de orixe. Aínda que en Galicia, como xa sinalabamos, as proporcións deste colectivo estean moi lonxe das rexistradas no conxunto de España, a presenza de estranxeiros permitira que crecese o número de habitantes da Comunidade, e especialmente das súas principais áreas urbanas, que é onde se asentan preferentemente. Ademais, pola súa composición por idades –maioritariamente entre os 16 e os 44 anos– e por proceder en moitos casos de países onde os niveis de fecundidade son sensiblemente máis altos que os galegos, contribuíron a elevar lixeiramente a taxa de natalidade da Comunidade –algo que en España tivo unha incidencia significativa–.

No ano 2007 foi cando máis se incrementou o número de estranxeiros en relación co ano precedente tanto en Galicia (17,3%) coma en España (16,6%), mentres que nos anos 2008 e 2009 o aumento anual respectivo foi do 11,6% e do 2,8% para Galicia e do 7,2% e do 1,8% para España. O número de nacementos de nai estranxeira descendeu en España, que pasou dos 108.195 no ano 2008 aos 102.586 no ano 2009 –malia ser máis numerosos os inmigrantes en cifras absolutas–, e en Galicia, aínda que aumentou –1.831 fronte a 1.794–, reduciuse o ritmo de crecemento anual que viñieran experimentando en anos anteriores.

Todo apunta, pois, a que os factores que inciden no dinamismo demográfico de Galicia –baixa natalidade, taxa bruta de mortalidade crecente polo avellentamento e saldo migratorio feble, cando non negativo– actuarán reducindo o número de habitantes e influíndo no avellentamento da estrutura por idades da poboación, coas consecuencias sociais e económicas que se derivan diso. Non podemos deixar de ter presente que, segundo a *Encuesta de Población Activa* do INE referida ao cuarto trimestre do ano 2010, en Galicia os inactivos de 16 anos en adiante representaban o 83,72% da poboación activa –o 106,84% en Ourense e o 91,54% en Lugo– e case igualaban a cifra dada polos ocupados.

Aínda que as proxeccións do INE para o ano 2020 non descenden ao nivel municipal tanto polas estimacións provinciais –que prevén as maiores perdidas demográficas para Lugo e Ourense– como pola tendencia que viñeron presentando nas últimas décadas, cómpre esperar que se acentuarán os desequilibrios espaciais na distribución da poboación galega, baleirándose cada vez máis o interior do territorio –fóra das cidades principais e dalgunhas vilas– e concentrándose maioritariamente a poboación e as súas actividades na Galicia occidental, sobre todo ao longo do eixe atlántico.

BIBLIOGRAFÍA

- ALDREY VÁZQUEZ, J.A. (2006): *A poboación de Galicia 1900-2005. Cambio demográfico e implicacións territoriais*. Vigo: Ir Indo.
- CALOT, G.; CHESNAIS, J.C. (1997): “Le vieillissement démographique dans l’Union Européenne à l’horizon 2050. Une étude d’impact”, *Travaux et Recherches de Prospective*, 6. Paris: Futuribles International.
- DOPICO, F.; REHER, D.S. (1999): *El declive de la mortalidad en España, 1860-1930*. Huesca: Asociación de Demografía Histórica.
- DUBERT GARCÍA, I.; HERNÁNDEZ BORGE, J.; ANDRADE CERNADAS, J.M. [coord.] (2006): “Vejez y envejecimiento en Europa Occidental”, *Semata*, 18.
- EGGERICKX, T.; TABUTIN, D. (2001): *Le vieillissement démographique dans le monde. Historique, mécanismes et tendances*. (Document de Travail, 14). Louvain: Université Catholique, Département des Sciences de la Population et du Développement.
- ESTÉBANEZ, J.; MOLINA, M.; PUYOL, R. (1993): “El envejecimiento de la población gallega”, *El Campo*, 127, pp. 217-230.
- EUROSTAT (2010): *Work Session on Demographic Projections. Lisbon, 28-30 April 2010. Methodologies and Working Papers*. Luxembourg: Publications Office of the European Union. (http://epp.eurostat.ec.europa.eu/cache/ITY_OFFPUB/KS-RA-10-009/EN/KS-RA-10-009-EN.PDF).
- FERNÁNDEZ LEICEAGA, X. [dir.] (2000): *Avellentamento demográfico e consecuencias socioeconómicas*. Vigo: Xerais.
- GONZÁLEZ PÉREZ, J.M.; SOMOZA MEDINA, J. (1997): *O avellentamento demográfico en Galicia e as súas consecuencias*. (Documentos de Traballo do IDEGA. Xeografía, 3).
- HERNÁNDEZ BORGE, J. (1996): “El envejecimiento demográfico de Galicia”, *Humanitas. Estudios en Homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real*, II, pp. 809-828. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- HERNÁNDEZ BORGE, J. (2006): “Vejez y territorio en Galicia”, *Semata*, 18, pp. 143-166.
- HERNÁNDEZ BORGE, J. (2008): “La feminización de la vejez en Galicia”, *Semata*, 20, pp. 93-111.
- HERNÁNDEZ BORGE, J. (2011): “Los inmigrantes extranjeros en las ciudades gallegas y sus centros asociativos”, *Población y espacios urbanos. XII Congreso de la Población Española*, pp. 703-717. Barcelona: Universitat de Barcelona, Departament de Geografía Humana y Grupo de Población de la AGE.
- KRESL, P.K.; IETRI, D. (2010): *The Aging Population and the Competitiveness of Cities. Benefits to the Urban Economy*. Cheltenham: Elgar.

- LESTHAEGHE, R. (1995): "The Second Demographic Transition in Western Countries: An Interpretation", *Gender and Family Change in Industrialized Countries*, pp. 17-62. Oxford: Clarendon Press.
- LÓPEZ TABOADA, J.A. (1996): *La población de Galicia, 1860-1991*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- LOSADA ÁLVAREZ, A. (2000): "Les effects des mouvements migratoires sur les structures par ages. La Galice au XX^e siècle", *Cahiers des Annales de Démographie Historique*, 2, pp. 56-72.
- OMRAN, A.R. (1971): "The Epidemiologic Transition: A Theory of Epidemiology of Population Change", *Milbank Memorial Fund Quarterly*, 49 (4), pp. 509-538.
- PICHERAL, H. (1996): "La transition sanitaire dans le monde", *Bulletin de l'Association des Géographes Français*, 2, pp. 75-85.
- PUGA GONZÁLEZ, M.D.; ABELLÁN GARCÍA, A. (2006): "Las escalas territoriales del envejecimiento", *Semata*, 18, pp. 121-141.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X.; FREIRE ESPARÍS, M.P.; LOSADA ÁLVAREZ, A. (2010): *Galicia en la transición migratoria española. Presencia exterior y retorno (1991-2008)*. Madrid: Ministerio de Trabajo e Inmigración.
- SACO ÁLVAREZ, A. (1999): "Envejecimiento y vejez en el medio rural gallego", en X.M. Cid Fernández et al.[coord.]: *Actores sociais e factores de cambio no medio rural*, pp. 77-88. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacíons.
- SAUVY, A. (1966): *Théorie générale de la population*. II: "La vie des populations". Paris: PUF.
- VAN DE KAA, D. (1987): "Europe's Second Demographic Transition", *Population Bulletin*, 42 (1), pp. 1-57.
- VAN DE KAA, D. (1994): "The Second Demographic Transition Revisited: Theories and Expectations", en: *Population and Family in the Low Countries 1993: Late Fertility and Other Current Issues*, pp. 81-126. Lisse: NL: Swets & Zeitlinger.
- VV.AA. (1999): *A despoboación en Galicia: Preocupación ou lóxica territorial*. Santiago de Compostela: Tórculo.